

## ACTA Nº2 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DUNHA TITORA DO “PROGRAMA DE EMPREGO XUVENTUDE I”

SESIÓN DO 25/09/2024

### Asistentes:

Presidenta: María Mariño Poza

Secretario: Martín Blanco Buceta

Vogal 1: Luis Miguel Domínguez García

Vogal 2: M<sup>a</sup> Belén Ordóñez Martínez

No salón de plenos da Casa Consistorial, sendo as 12:15 horas do 25/09/2024, reúnen os membros do tribunal designado para a selección dunha titora para o “Programa de Emprego Xuventude I”.

O anuncio e bases da convocatoria foron publicadas no BOP da Coruña número 174 de data de 10/09/2024, na páxina web do concello [www.boiro.gal](http://www.boiro.gal), así coma no taboleiro correspondente do Servizo público de emprego.

O obxecto desta sesión é a valoración do currículum das persoas aspirantes, propoñer a puntuación final e establecer o prazo de presentación de alegacións á baremación.

### 1.- VALORACIÓN DO CURRÍCULUM.

Os membros do tribunal queren facer constan que, con carácter xeral se aprecian erros na autobaremación presentada polas persoas aspirantes nos seguintes epígrafes:

**1) Titulacións complementarias:** Valorarase posuír unha titulación académica distinta á mínima esixida para participar no proceso selectivo sempre que a complemente ou estea relacionada coas funcións a desenvolver.

**2) Experiencia profesional:** O requisito de experiencia mínima de 6 meses por conta allea en tarefas de dirección (grupo de cotización 1), que se debe de restar á total para logo acreditar o resto coma mérito.

**3) Cursos realizados:** só se valorarán **cursos** cunha duración mínima de 20 horas lectivas debidamente acreditados e homologados, relacionados coas materias obxecto da convocatoria, impartidos polas administracións públicas, universidades públicas e/ou sindicatos dentro dos plans de formación para o emprego.

**4) Coñecemento da lingua galega:** o CELGA 4 é un requisito, polo que non é obxecto de valoración.

Tendo en conta as bases que rexen este proceso selectivo e a documentación presentada polas persoas aspirantes, o tribunal acorda por unanimidade outorga-las seguintes puntuacións segundo se detalla a continuación:

NOME	TITULACIÓN COMPLEMENTARIA	EXPERIENCIA	Cursos + de 20 horas	Cursos formación	Lingua Galega	TOTAL MÉRITOS
ESTELA SAA VILLVERDE	0	5,4	2	1	0,5	8,90
LETICIA VÁZQUEZ VIGO	0,5	1,40	0,40	0	0	2,30
MARÍA ASUNCIÓN PIÑEIRO FERNÁNDEZ	1,5	7,5	2	1	0,5	12,5



## 2.- PUNTUACIÓN FINAL.

Procede establecer as puntuacións finais das persoas candidatas participantes neste proceso selectivo. Ditas puntuacións virán dadas pola suma dos puntos acadados na fase de entrevista e na valoración do currículum e determinarán a orde de prelación, constituíndo a proposta de contratación:

NOME	ENTREVISTA	TOTAL MÉRITOS	TOTAL PUNTOS
ESTELA SAA VILLAVERDE	6	8,90	<b>14,90</b>
LETICIA VÁZQUEZ VIGO	5	2,30	<b>7,30</b>
MARÍA ASUNCIÓN PIÑEIRO FERNÁNDEZ	6,5	12,5	<b>19</b>

## 3.- PRAZO DE ALEGACIONES:

As persoas aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días naturais, contados desde o seguinte ó da publicación da antedita listaxe no taboleiro de anuncios do Concello de Boiro para presentar as reclamacións e emendas que estimen oportunas en relación coa baremación.

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 12:30 horas do día da data, do que eu, secretario do tribunal dou fe.

### DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

María Mariño Poza

Martín Blanco Buceta

Luis Miguel Domínguez García

M<sup>a</sup> Belén Ordóñez Martinez

